



## Concello de Baralla

---

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2017

Na Casa Consistorial de Baralla (Lugo), sendo as 12 horas 30 minutos do día 26 de xaneiro de 2017, reúnese en sesión ordinaria de primeira convocatoria o Pleno, presidido polo Sr. Alcalde, D. Manuel Jesús González Capón e coa asistencia dos/das concelleiros/as, D<sup>a</sup>. María Rosa Caloto López, D. Manuel Fernández Gómez, D. Ángel Rodríguez Barcia, D. Manuel Rodríguez Vilela, D. Rubén Armada López, D. Alberto Enrique Parajuá Alonso, D. José Jaime González del Río, D. Manuel Vicente Becerra Carballo e D. Xosé Manuel Becerra Pardo e coa asistencia da Secretaria da Corporación D<sup>a</sup>. Elisa Muñoz Álvarez.

### APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN DO PLENO CELEBRADO O DÍA 21-12-2017.-

O Sr. Alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á acta da sesión anterior celebrada o día 21 de decembro de 2017, que se distribuíu coa convocatoria da presente.

O concelleiro do PS de G-PSOE di que a acta está perfectamente redactada se ben, quixera facer unha puntualización:

- Na páxina 5, no parágrafo primeiro, na súa intervención sobre as festas, eles faláron do queixo do Marqués de Cernadas como un produto do municipio para resaltar, non quixeron dicir que o queixo fora motivo por si solo dunha festa.

Feita esta puntualización e sometida a votación ordinaria a acta do día 21 de decembro de 2017, esta foi aprobada por unanimidade.

### SOLICITUDE Á SOCIEDAD URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, SA (SUPLUSA) DA CREACIÓN DUNHA ÁREA INDUSTRIAL NO LUGAR DE VILARTELÍN – BARALLA

O Alcalde da conta da súa proposta que literalmente di:

*“No ano 2015 adquiríronse, por parte de SUPLUSA, 300.000 m<sup>2</sup> de terreos no lugar de Vilartelín (Baralla), co destino á futura construción dun polígono industrial, o que supuxo un desembolso económico importante para a Deputación Provincial de Lugo, de aproximadamente 1.500.000 €.*

*En decembro de 2006 o Concello asinou un Convenio con SUPLUSA para a posta en funcionamento e desenvolvemento do polígono.*

---

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

*Os terreos adquiridos foron recalificados urbanisticamente, mediante un Plan Sectorial, aos efectos do seu uso industrial, e SUPLUSA levou a cabo algunhas actuacións esporádicas nos mesmos, como estudos de distribución do solo...etc.*

*Sen embargo, ante as dificultades atopadas como consecuencia dos vertidos de augas residuais que se detectaron, os traballos paralizáronse.*

*O polígono é unha obra imprescindible e sumamente necesaria para o futuro deste Concello, dado que ao non poder dispoñer de solo urbano industrial non é posible desenvolver ningunha iniciativa empresarial e todo isto obriga aos nosos veciños a deslocalizar as súas actividades, e máis aínda, ao cambio da súa residencia.*

*A posta en funcionamento do polígono, polo tanto, contribúe, de forma decisiva á fixación da poboación activa no noso termo municipal e por suposto, e o máis importante, ao fomento de emprego.*

*A data de hoxe cremos que existen medios técnicos que poderían solventar os problemas que teñen paralizado o polígono.*

*Tendo coñecemento, polas informacións emitidas nos medios de comunicación, de que ese organismo, presidido actualmente polo Sr. Martínez, Vicepresidente da Deputación Provincial de Lugo, ten a intención de impulsar novamente os polígonos iniciados no seu día e pendentes de execución, e dado que o polígono de Baralla se atopa nunha situación avantaxada, non solo polo súa inmejorable ubicación, na saída da autovía A-6 en Vilartelín, senón por contar cos terreos e estar recalificados,*

*Propoño á Corporación os seguintes ACORDOS:*

*Primeiro.- Solicitar de SUPLUSA o desbroce e limpeza urxente dos terreos adquiridos que se atopan invadidos pola maleza, o que impide a súa localización e identificación.*

*Segundo.- Solicitar a sinatura dun novo Convenio par a execución da Área Industrial no lugar de Vilartelín (Baralla).*

*Terceiro.- Remitir este acordo aos conselleiros de SUPLUSA, representantes dos partidos políticos PP, PSOE e BNG.”*

Toma a palabra o concelleiro do PSOE D. José Jaime González del Río e di que para que poida asinarse o novo convenio cre que o Concello tería que dar certos servizos como o abastecemento de auga e tería que verse a capacidade que temos para abastecer ao polígono sen causar prexuízos aos veciños.

Por outro lado pregunta a que se refiren os medios técnicos, dos que fala na proposta, que poderían solventar os problemas.

---

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

O concelleiro di que eles teñen a vontade de aprobar sempre calquera proposta que poida traducirse en algo bo para o Concello e que se faga de forma eficiente.

Seguidamente toma a palabra o concelleiro do BNG D. Xosé Manuel Becerra Pardo que comeza dicindo que o atraso da posta en funcionamento do polígono é un tema que ten e terá unha repercusión para o Concello e o responsable é o equipo de goberno.

Durante moito tempo eles pediron en numerosas ocasións a posta en marcha do polígono e mentres, outros polígonos medraron como o de O Corgo e creáronse como o de Castroverde e Baleira.

Á marxe destas consideracións o concelleiro considera boa a proposta se ben gustaríalle engadir un par de cousas:

- O convenio asinado no seu día era dificilmente asumible polo Concello por si solo e por iso é necesario agora a sinatura dun novo convenio.
- Valorar a posibilidade de que o convenio sexa a tres bandas.

Para finalizar, o concelleiro di que sería interesante solicitar unha entrevista formal co Presidente de SUPLUSA no que se dera traslado deste acordo plenario.

Toma a palabra o Alcalde e di que lle parece moi correcto e polo tanto poderíase engadir á súa proposta un cuarto punto que sería: solicitar unha reunión oficial co Presidente de SUPLUSA e acudir á mesma cos portavoces dos dous partidos municipais, PSOE e BNG.

O Alcalde explícalle ao concelleiro do PSOE que xa no seu día se cambiaron os estatutos de SUPLUSA para que o tema do abastecemento de auga e saneamento o asumiran eles.

Pero o problema non é a auga, son os vertidos xa que non hai un regato onde verter. A Baralla é imposible traer o sumidoiro.

En canto á pregunta que lle fixo sobre os novos medios técnicos que poida haber, non é que saiba de nada concreto pero entende que pode haber algo máis asequible.

Debatido o tema, a proposta da alcaldía é sometida a votación ordinaria e aprobada por unanimidade, engadindo un cuarto punto:

*“Cuarto.- solicitar unha reunión oficial co Presidente de SUPLUSA e acudir á mesma cos portavoces dos dous partidos municipais, PSOE e BNG.”*

---

## Concello de Baralla



## Concello de Baralla

---

### SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA DO ARRANXO DA ESTRADA LU-621, BARALLA-LÁNCARA -POBOA DE SAN XIAO

Visto o deficiente estado no que se atopa a estrada LU-621, Baralla-Láncara-Póboa de San Xiao, e dado que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda xa executou uns 3 km aproximadamente da mesma, quedando o resto sen arranxar, a Corporación por unanimidade e en votación ordinaria ACORDOU:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Infraestruturas e Vivenda o arranxo da estrada LU-621, Baralla-Láncara-Póboa de San Xiao ata o límite do municipio de Baralla.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ademais de á Consellería de Infraestruturas e Vivenda, ao Delegado da Consellería en Lugo e ao Xefe de Servizo de Estradas en Lugo.

### DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DENDE A SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 27 DE SETEMBRO DE 2017

O Sr. Alcalde, en cumprimento do disposto polo artigo 42 do ROF, da conta das Resolucións adoptadas dende a sesión plenaria celebrada o día 27 de setembro de 2017, comprendidos entre os números 93 a 156 de datas 18 de setembro de 2017 a 29 de decembro de 2017 e do 1 a 8 de datas 9 de xaneiro de 2018 a 18 de xaneiro de 2018.

### MOCIÓN DO BNG SOBRE ACTUACIÓNS E PROPOSTAS PLAN ÚNICO DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO 2018

Xosé Manuel Becerra Pardo, Portavoz do BNG no Concello de Baralla, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte

#### *“MOCIÓN ACTUACIÓNS DO BNG SOBRE ACTUACIÓNS E PROPOSTAS PLAN ÚNICO DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO 2018*

*O BNG e o seu grupo provincial na Deputación de Lugo veu traballando arreo para lograr un cambio relevante na xestión dos cartos públicos do organismo provincial, entre outras liñas, co obxectivo de seguir a pauta aberta polo BNG no goberno da Deputación da Coruña, para dedicar unha parte importante do orzamento da Deputación de Lugo a un plan único de investimentos, que con criterios obxectivos permitise distribuír entre os concellos de Lugo as partidas económicas precisas para favorecer o benestar social dos seus veciños eveciñas e establecer así un mecanismo transparente de achega pública ás administracións locais lucenses.*

---

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

*O Plan Único distribúese en base a criterios totalmente obxectivos, e aprobados tamén pola FEGAMP: superficie, poboación, entidades de poboación e o índice de envellecemento. Establécese un máximo de e un mínimo por municipio para favorecer os concellos do rural.*

*Así mesmo, o plan determina partidas para cada concello destinadas a obras, SAF (servizo de axuda a domicilio), actividades culturais e actividades deportivas, ademais de partidas destinadas a emprego.*

*O BNG considera preciso aproveitar co rigor necesario estes fondos, de xeito que beneficien aos veciños e veciñas das parroquias e núcleos do noso concello, apostando por investimentos e gastos correntes que favorezan o seu benestar social.*

*Unha parte relevante dos fondos que reciba cada municipio teñen que destinarse a novos investimentos, e ademais de destinar as cantidades no seu caso previstas para o DEPUEMPREGO e SAF. Os Concellos terán total autonomía para decidir cales van a ser estes novos investimentos (obras ou subministros), tendo en conta os servizos mínimos e obrigatorios que deben prestar, así como os datos que figuran na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local; así como para acordar a que destinan o financiamento restante.*

*Con ese obxectivo, o BNG cre oportuno achegar unha serie de propostas para a súa inclusión na memoria e propostas para o Plan Único, e con ese fin somete a consideración do pleno os seguintes acordos:*

*1.- Solicitar da Deputación de Lugo o mantemento do programa Plan Único, como mecanismo de apoio económico aos concellos lucenses.*

*2.- Incluír na proposta de accións dentro do Plan Único a remitir á Deputación de Lugo as seguintes accións:*

*Gastos en investimentos: Primeira fase do polígono industrial de Baralla: urbanización e servizos*

- Mellora de sinalización de núcleos e patrimonio histórico*
- Programa de actividades deportivas ano 2017*
- Programa de actividades culturais ano 2017*
- Limpeza e sinalización do camiño de Santiago por Baralla-Vía de Kúning”*

*Toma a palabra o concelleiro do PS de G-PSOE para dicir que eles levan tempo solicitando o das sinalizacións e dálles igual que sexa o Concello o que vaia reponéndoas pouco a pouco ou a Deputación, o caso é que son varias as sinais que se atopan en moi mal estado.*

---

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

Tamén sería importante sinalizar estruturas antigas como a ponte romana ou románica do Concello.

En canto ás actividades deportivas, xa o comentamos no pasado pleno, sería unha idea compartir actividades, como pequenas ligas, cos concellos limítrofes. E o mesmo con actividades culturais que puideran promoverse tanto para a xente nova como para a maior.

Respecto ao Camiño de Santiago por Baralla-Vía de Kúnig di o concelleiro que lle consta que o Concello de Becerreá está nestes momentos tratando de presionar sobre o tema para que saia adiante. Sería bo poñerse en contacto coa Asociación Patrimonio Ancares porque tamén hai algunha ponte sen catalogar e tumbas á beira da vía de Kúnig.

O alcalde intervén e di que máis ou menos o que se solicita na moción xa se levou ao pleno pasado no Presuposto. Probablemente teñamos que traer a un próximo pleno a solicitude coas propostas a incluír no Plan Único da Deputación e entón pódense puntualizar e concretar as propostas.

As actividades culturais e deportivas xa se recolleron no Presuposto e nestes días, precisamente, saíron os programas das actividades culturais que se van realizar polo Concello.

Sometida a votación ordinaria a moción do BNG, esta foi rexeitada por maioría absoluta cos votos a favor do concelleiro do BNG D. Xosé Manuel Becerra Pardo e dos concelleiros do PS de G-PSOE D. José Jaime González del Río e D. Manuel Vicente Becerra Carballo.

### MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE BARALLA

Xosé Manuel Becerra Pardo, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Baralla (BNG) presenta a seguinte

#### *MOCIÓN RELATIVA AO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE BARALLA*

##### *Exposición de motivos*

*O Pleno do Concello, en sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de setembro de 2013, acordou aprobar inicialmente o Plan de ordenación municipal do Concello de Baralla, e que o plan aprobado inicialmente con todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o informe de sustentabilidade, se sometese ao trámite de información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio no DOG e en*

---

### Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

*dous dos xornais de maior difusión na provincia de Lugo, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no DOG.*

*Así mesmo, suspendíase o outorgamento de licenzas por un prazo de dous anos contados desde a aprobación inicial.*

*O BNG de Baralla reclamou naquel momento a retirada do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), xa que non representaba a proposta urbanística que a vila, os núcleos rurais e o territorio de Baralla precisaban e precisan e non solucionaba os problemas existentes, e que as preto de 400 alegacións presentadas polos veciños ao documento demostran esa consideración.*

*Pensabamos se seguimos pensando que esa proposta limita o desenvolvemento económico e social do concello por basearse en obxectivos e previsións afastadas da realidade. Abonda con lembrar as previsións de poboación futura e de construcións previstas. Pero tan negativa e a proposta formulada como grave o atraso na resolución das alegacións.*

*O BNG veu preguntando repetidamente pola situación do documento e as previsións de resposta ás alegacións de veciños e veciñas, que máis de tres anos e medio despois de presentalas, non saben a día de hoxe, que resposta ou solución se lles vai dar.*

*En setembro de 2017 e vendo que máis de tres anos e medio despois, por tanto, o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Baralla seguía parado, o BNG touxo a pleno unha iniciativa aprobada por unanimidade que comprometéi á Alcaldía e ao goberno municipal do PP a darlle resposta ás alegacións presentadas polos veciños e veciñas de Baralla ao Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente por este Pleno en setembro de 2013, antes do remate do ano 2017 e á organización de reunións e charlas na vila e nas parroquias para explicar co equipo redactor a resposta ás alegacións presentadas, os cambios no proxecto que a aceptación ou denegación desas alegacións supoñan, e dos pasos seguintes no proceso de aprobación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal.*

*Visto que rematado o ano 2017 ese compromiso non se cumpriu, e vista a necesidade de dar pasos nunha solución e resposta as alegacións presentadas ao PXOM e mantendo a postura que o BNG fixo explícita no sue momento, e polo que o BNG volve reclamar aqueles acordos e somete a consideración do Pleno os seguintes acordos:*

*1.- Instar á Alcaldía e ao goberno municipal do PP a darlle resposta ás alegacións presentadas polos veciños e veciñas de Baralla ao Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente por este Pleno en setembro de 2013, antes do remate do mes de febreiro do presente ano 2018.*

*2.- Instar á Alcaldía á organización paralela de reunións e charlas na vila e nas parroquias para explicar co equipo redactor a resposta ás alegacións presentadas, os*

---

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

*cambios no proxecto que a aceptación ou denegación desas alegacións supoñan, e dos pasos seguintes no proceso de aprobación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal.*

O concelleiro do PS de G-PSOE di que isto é un problema que limita moito as posibilidades do Concello en xeral, para os veciños que teñen pensado realizar algún tipo de construción e están a expensas de como vai quedar a ordenación urbanística.

O Alcalde di que se revisaron as contestacións das alegacións e como non estamos de acordo cos informes dos técnicos devolvéronselles para que corrixa determinadas cousas.

O caso é que non estamos convencidos, di alcalde, de que isto tal como está plantexado vaia a bo porto. No próximo pleno intentarei decirlles algo máis concreto e ver que solución tomamos.

Sometida a votación ordinaria a moción do BNG, esta foi rexeitada por maioría absoluta cos votos a favor do concelleiro do BNG D. Xosé Manuel Becerra Pardo e dos concelleiros do PS de G-PSOE D. José Jaime González del Río e D. Manuel Vicente Becerra Carballo.

### MOCIÓN DO PS DE G-PSOE, PARA ESTABLECER UN SISTEMA PÚBLICO DE PENSIÓNS CON MAIOR CAPACIDADE DE REDISTRIBUCIÓN E REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN.

### *MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA ESTABLECER UN SISTEMA PÚBLICO DE PENSIÓNS CON MAIOR CAPACIDADE DE REDISTRIBUCIÓN E REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES.*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O Sistema Público de Pensións constitúe a política pública con maior capacidade de redistribución e redución das desigualdades (o 46%).*

*As políticas do PP representan unha seria ameaza para o sistema público de pensións. Coas súas políticas de emprego o Goberno de Rajoy puxo en perigo a sustentabilidade económica das pensións, que entraron nun período de déficits constantes e crecentes; e ca novo mecanismo de revalorización, que se desvincula do poder adquisitivo e co factor de sustentabilidade, que axusta o importe da pensión en función da esperanza de vida, condénase aos pensionistas a un progresivo empobrecemento. E todo iso, fixérono*

---

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221





## Concello de Baralla

---

*mediante a imposición, sen diálogo social e rompendo unilateralmente o consenso do Pacto de Toledo. Con estas políticas o PP está a preparar o camiño para os Fondos de Pensións privados, en detrimento do Sistema Público de Seguridade Social.*

*Os resultados desta política están á vista: progresiva perda de poder adquisitivo das pensións, sensación de incerteza nos actuais xubilados sobre se o Estado será capaz de pagar as súas pensións nos próximos anos, sentimento de inxustiza naqueles que contribúen ao sistema pero dubidan de que este lles poida proporcionar unha pensión digna nun futuro a 10 ou 20 anos vista, e desesperanza case absoluta por parte da mocidade en que algún día poidan contribuír e ser protexidos polo sistema.*

*O PP está laminando o Sistema Público de Pensións sometendo a un espolio permanente ao Fondo de Reserva da Seguridade Social.*

*O déficit foi compensado por retiradas masivas do Fondo de Reserva que, de contar con 66.815 millóns de euros a finais de 2011, sitúase, no día de hoxe, en 8.095 millóns de euros, e que se non se esgotou totalmente foi como consecuencia do préstamo de 10.192 millóns de euros do Estado á Seguridade Social contido na Lei de Orzamentas Xerais do Estado de 2017. A isa hai que engadir as cantidades retiradas do Fondo de Mutuas, por importe de 8.621 millóns de euros nestes anos. En definitiva, necesitáronse fondos por importe de 93.251 millóns de euros adicionais ás cotizacións para poder facer fronte ao pago das pensións no período 2012 - 2017. O ano 2018 comezou na mesma liña e o PP, no canto de expor medidas serias no marco do Pacto de Toledo e o Diálogo Social, decidiu seguir endebedando á Seguridade Social cun crédito de 15.000 millóns de euros.*

*O Fondo de Reserva, xurdido da reforma da estrutura financeira da Seguridade Social levada a cabo polos gobernos socialistas en 1989 e recolleito posteriormente como unha recomendación do Pacto de Toledo, estaba previsto para ser usado cando xurdisen as tensións xeracionais sobre o Sistema, en torno ao ano 2023. De non ser utilizado, o Fondo tería hoxe máis de 90.000 millóns, mesmo sen novas achegas, só en base á súa propia rendibilidade. En cambio, de seguir con este ritmo de gasto, a nasa hucha das pensións quedará totalmente baleira no ano 2018. É dicir, vaise a esgotar 10 anos antes do previsto.*

*Este escenario pon en risco a situación financeira da Seguridade Social e en consecuencia, a garantía non só das pensións actuais senón tamén, e especialmente, das pensións futuras. Por iso é imprescindible adoptar medidas que dean estabilidade ao Sistema.*

*No PSOE consideramos que o dereito ás pensións e o acceso ao Sistema de Seguridade Social debe considerarse un dereito constitucional e ser incorporado como tal na reforma da Carta Magna que propomos. Para isa, expomos medidas destinadas a garantir o futuro do Sistema Público de Pensións: recuperando o Pacto de Toledo e o diálogo social; aprobando un novo Estatuto dos Traballadores que promova dereitos*

---

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

*laborais e emprego de calidade; e establecendo unha fonte complementaria de financiamento das pensións a cargo do PGE, como na maioría dos países da nosa contorna.*

*Por estas razóns o PSOE defende un novo modelo para reequilibrar o sistema de pensións, mantendo o gasto, racionalizando outras partidas e incrementando os ingresos do sistema.*

*Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Baralla presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Goberno de España a:*

- 1. Volver ao consenso de 2011 derogando todos os cambios legais introducidos ao longo da lexislatura 2011-2015: a regulación da xubilación anticipada do ROL 5/2013 e, de forma íntegra, a Lei 23/2013, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social.*
- 2. Garantir o poder adquisitivo das pensións, recuperando a actualización das mesmas conforme ao IPC.*
- 3. Eliminar o factor de sustentabilidade establecido polo PP na Lei 23/2013, que reducirá as pensións de xubilación en función da esperanza de vida da cohorte correspondente a partir do 1 de xaneiro de 2019.*
- 4. Racionalizar os gastos do sistema, desprazando aos Orzamentos Xerais do Estado 2018 aqueles que non corresponden a prestacións, como os seguintes gastos entre outros:*
  - a. As medidas de fomento do emprego (reducións de cotas, tarifas planas, etc.). Se se considera necesario manter algunha debería ser pola vía de bonificacións e a cargo do PGE.*
  - b. Os gastos de xestión das Entidades Administrativas da Seguridade Social, do mesmo xeito que se fai co resto de organismos públicos.*
- 5. Incrementar os ingresos do sistema:*
  - a. Complementando o financiamento da Seguridade Social, entre outras medidas, con ingresos procedentes de impostos destinados anualmente a completar os ingresos por cotizacións ata que estes vólvanse a equilibrar dentro do sistema, por exemplo novas impostos extraordinarios á banca e ás transaccións financeiras. Pensamos que se toda a sociedade española contribuíu ao rescate das entidades financeiras, este imposto ha de servir para contribuír ao rescate do sistema público de pensións*
  - b. Intensificando a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social.*
- 6. Mellorar a natureza protectora do sistema modernizando a xestión do Fondo de Reserva a través dunha mellara da súa regulación, recuperando o*

---

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

- establecemento de límites á disposición de fondos con carácter anual.*
7. *Adoptar medidas específicas para ir eliminando progresivamente a brecha próxima ao 40% existente entre a contía das pensións dos homes e das mulleres (déficit de xénero):*
    - a. *Aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral co fin de eliminar a brecha salarial, e por tanto de cotizacións, que acaba derivando en pensións máis baixas.*
    - b. *Recuperar a iniciativa legislativa socialista, incluída na Lei 27/2011 de incrementar a pensión de viuvez para maiores de 65 anos que non reciban outra pensión pública ata alcanzar o 60% da base reguladora, medida que afecta de maneira maioritaria ás mulleres.*
  8. *Introducir no Pacto de Toledo, un novo principio de "reequilibrio orzamentario", un concepto que implica unha procura constante de racionalización de gastos e de axuste de ingresos cada ano, e que terá efectos no medio prazo e ata finais dos anos 40 do século XXI.*

Toma a palabra o concelleiro do BNG e di que na moción que se propón hai determinadas cuestións que son responsabilidade tanto do PP como do PSOE.

O concelleiro propón emendar o punto 1º da moción da seguinte forma:

*Substituír o punto 1º polo texto:*

*Instar ao Goberno de España, e demandar da Xunta de Galiza a súa intervención para:*

1. *Derogar os negativos cambios introducidos no sistema de pensións dende o ano 2011, restablecer a xubilación ordinaria aos 65 anos e calcular a contía das pensións sobre os 15 mellores anos cotizados, a escolla dos traballadores e traballadoras."*

O concelleiro do PS de G-PSOE D. José Jaime González del Río acepta a emenda e neste senso a moción é aprobada en votación ordinaria por unanimidade.

### MOCIÓN DO PS DE G-PSOE, RELATIVO Á LIMPEZA E REPARACIÓN DO PAVIMENTO DO CAMIÑO DE ACCESO A REVOLTA

Don José Jaime González del Río, na súa condición de voceiro do Grupo Socialista no Concello de BARALLA, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte:

---

### Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O estado dalgunha das estradas e accesos a vitas do concello presenta un estado deficitario pros tempos que corren, tal é o caso da estrada a Revolta, cun acceso enlameirado e impropio pra dar servizo a ningún veciño. Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Baralla presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:*

*Solicitar aprobación e que limpe e se repare canto antes o pavimento do camiño do acceso a Revolta.*

A moción foi aprobada en votación ordinaria por unanimidade.

### MOCIÓN DO PS DE G-PSOE, PARA REVISIÓN DO ESTADO DAS SINALIZACIÓNS DO CONCELLO

Don José Jaime González del Río, na súa condición de voceiro do Grupo Socialista no Concello de BARALLA, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte:

### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*No Concello e Baralla, o estado de moitas das sinalización é deficitario, xa sexa debido á antigüidade das sinais, accidentes que as deteriorasen, ou a inexistencia de sinalización dalgúns núcleos, o cal ocasiona problemas pra recibir envíos das axencias de paquetería, localización dos lugares por parte dos servizos de emerxencias, e outros problemas. Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Baralla presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:*

*Solicitar aprobación e que se realice unha revisión do estado das sinalizacións do concello, coa conseguinte renovación das mesmas, e dotación de sinais nos núcleos, patrimonio e accesos que non dispoñan das mesmas.*

O alcalde di que se vai facer unha revisión de todas para analizar a situación.

A moción foi aprobada en votación ordinaria por unanimidade.

### ROGOS E PREGUNTAS

#### ROGO DO PS DE G-PSOE

---

### Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

Don José Jaime González del Río, na súa condición de voceiro do Grupo Socialista no Concello de BARALLA, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación este ROGO, en base a seguinte:

### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Algunhas das farolas do viario do núcleo de Baralla atópanse mal orientadas, non alumeando cara a estrada, senón xuradas lateralmente, así coma algunhas tortas. Por todo iso, ROGAMOS:*

*Se reparen estas deficiencias no alumeado público cando sexa posible.*

O alcalde toma nota.

### PREGUNTAS DO PS DE G-PSOE

Don José Jaime González del Río, na súa condición de voceiro do Grupo Socialista no Concello de Baralla, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación as seguintes Preguntas:

*¿Ten prevista algunha medida para solucionar os problemas coa auga de abastecemento do núcleo de Baralla?, referímonos con isto a calquera tipo de obra que reverta nun maior control da calidade da auga de consumo.*

*¿cal é o uso ou destino da terra amontoada na área recreativa, e que agora mesmo afea bastante o lugar? ¿Non atoparon outra ubicación mais axeitada mentres non se lle da uso?*

*¿Ten previsto substituír as barbacoas da área recreativa? ¿Teñen algún tipo de garantía?*

*¿Na actualidade existen locais desocupados no concello ou na casa da cultura?*

1.- O alcalde di que aproveita a ocasión para comunicarlles que agora, por fin e despois de moitas xestións, temos moito avanzado xa que en canto entren en vigor, en Febreiro, os presupostos da Xunta de Galicia, incluírase o proxecto que van facer eles. A execución será en dúas anualidades, 2018 e 2019. Na primeira anualidade vai a depuradora, ETAP. Na segunda anualidade a construción cun depósito de 500.000 litros e a conducción desde o depósito polo lado dereito ata a Casa de Lombardero.

---

### Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## **Concello de Baralla**

---

2.- Depositouse alí para o nivelar o terreo na zona donde está a facerse o muro de pedra da finca que compramos o ano pasado.

3.- Non se pagaron ata agora. En canto se volvan a colocar aboaranse se están en correcto estado.

4.- Non hai locais desocupados no centro Sociocultural hai despachos desocupados que os utilizan as asociacións, pero despachos vacíos para uso exclusivo non hai.

E non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión sendo as catorce horas e quince minutos, estendéndose a presente acta que de conformidade co previsto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local, transcribírase no libro de actas coas firmas do alcalde e secretaria, do que dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**